

1.2.

producción

O OBXECTIVO DESTE capítulo é analiza-la produción na economía galega ó longo dos últimos anos, para o que se terán en conta os datos facilitados polo Instituto Galego de Estatística (IGE), os datos da Contabilidad Regional de España do Instituto Nacional de Estadística (INE), a Enquisa de Poboación Activa (EPA) e Eurostat.

A primeira parte do capítulo analiza os datos da *Contabilidade Trimestral de Galicia*, presentada polo IGE, e reflicte como aspecto máis salientable que o exercicio do 2001 presentou unha medra do VEB a prezos básicos do 3% en termos reais, 1,1 puntos menos do que o fixera no ano anterior, confirmando a ralentización do crecemento económico anunciada na memoria pasada.

A ralentización do crecemento económico tivo consecuencias negativas na creación de emprego, que se estancou cunha medra de só 0,1% (800 novos empregos), máis de catro

puntos e medio por debaixo do que sucedera no ano 2000. O conxunto da economía española, cun parello crecemento da actividade, presenta unha taxa de creación de emprego 1,9 puntos superior.

Posteriormente estúdanse os datos da *Contabilidad Regional de España* publicados polo INE, que nos permiten compara-los datos da comunidade galega cos rexistrados no total estatal. No ano 2001 o INE afirma que a economía galega medrou un 2,4% (seis décimas inferior ó sinalado polo IGE) sendo a súa importancia relativa no total estatal do 5,35%.

Producción segundo o IGE

A economía galega presentou no ano 2000 unha taxa media de crecemento da súa produción –medida en termos do valor engadido bruto a prezos básicos, prezos constantes (base 1995)–, do 3,0%, o que representa unha

1.

CADRO 1.2.1.

PIB de Galicia e España 2000-01: taxas de variación ⁽¹⁾

	Galicia							España						
	2000	2001	2001					2000	2001	2001				
	(medias anuais)		I	II	III	IV		(medias anuais)		I	II	III	IV	
Agricultura e pesca	-1,6	0,6	-0,6	0,6	1,2	1,3		1,5	-0,3	0,1	-1,6	-1,2	1,5	
Industria	5,5	2,6	3,4	2,6	2,0	2,2		4,1	1,3	2,4	1,8	1,0	0,0	
Construcción	6,5	4,8	5,7	5,2	4,5	3,7		6,3	5,5	5,8	5,5	5,4	5,4	
Servicios	3,7	3,1	3,2	3,0	3,1	3,1		3,9	3,4	3,4	3,3	3,4	3,3	
Total non agrario	4,1	3,2	3,6	3,2	3,0	2,9		4,1	3,1	3,3	3,2	3,0	2,7	
Total VEB pb	4,1	3,0	3,3	3,0	2,9	2,8		4,0	2,9	3,2	2,9	2,8	2,6	
Total PIB pm	3,9	2,8	3,1	2,8	2,7	2,5		4,1	2,8	3,2	2,9	2,6	2,4	

(1) VEB a prezos básicos. Prezos constantes (base 1995)
Fonte: IGE, Contabilidade Trimestral de Galicia


CADRO 1.2.2.

Poboación ocupada 2000-01: distribución segundo sectores económicos

	2000	2001	01/00
	(en miles de persoas)		(%)
Agricultura	141,1	122,5	-13,2
Pesca	36,0	32,7	-9,3
Industria	175,5	189,6	8,0
Construcción	116,6	118,3	1,5
Servicios	517,4	524,3	1,3
Total	986,6	987,4	0,1

Fonte: IGE, Enquisa de Poboación Activa

GRAFICO 1.2.1.



redución dun punto e unha décima respecto ó crecemento experimentado no mesmo período do ano anterior. No conxunto do estado, o aumento da produción foi do 2,9%, fronte ó 4,0% do ano anterior.

Esta ralentización do crecemento da economía galega trasladouse ó mercado de traballo, onde a poboación ocupada galega rexistrou unha medra do 0,1%, 4,7 puntos porcentuais menos que no ano anterior. Tal e como reflicte o **cadro C.1.1. (Taxas de variación anuais do VEB e do emprego 2000-01 en Galicia e España: distribución segundo sectores económicos)**, no conxunto do estado a minoración no crecemento da economía viu asociado a un crecemento do 2,0% da ocupación (2,7 puntos menos que no ano 2000).

Afondando no estudio da produción en Galicia, o sector da **construción** segue a selo sector económico co maior crecemento medio no ano 2001, co 4,8% respecto ó ano anterior. A poboación ocupada no sector da construción medrou un 1,5% no ano 2001 para situarse nos 118,3 miles de persoas (media anual).

A licitación oficial de tódalas administracións, considerada como un estimador da tendencia de actividade nos próximos meses, foi un 32% superior á rexistrada no ano 2000 en Galicia. Esta medra prodúcese fundamentalmente polo crecemento da licitación pública total en edificación, que aumenta un 78,7%, en tanto que a licitación pública de obra civil medrou un 8,5%.

Pola contra, a licitación oficial da administración autonómica medrou un 45,3% respecto ó ano anterior, producíndose un crecemento do 25,8% no caso da obra civil e do 73,2% no caso da obra en edificación.

O consumo aparente de cemento segue a tendencia xeral do sector, presentando no ano 2001 un consumo total de 2.720 miles de toneladas, o que representa o 6,5% do total consumido en España. Comparado cos datos

rexistrados no ano anterior, o consumo de cemento medrou un 10,1% en Galicia fronte a un crecemento do 9,7% no conxunto do estado.

O **sector industrial** presentou no ano 2001 unha taxa de crecemento do VEB a prezos básicos do 2,6% fronte ós 5,5% do ano anterior. Este crecemento viu acompañado por un aumento da poboación ocupada do 8,0% (14,1 miles de persoas) tal e como reflicten os **cadros 1.2.1. e 1.2.2.**

Esta evolución é tamén reflectida polo Índice de Producción Industrial de Galicia, que indica un crecemento medio do índice xeral do 6,3% ó longo do ano 2001, fronte ós 11,8% do ano anterior. O compoñente enerxético do IPIGA presentou un crecemento medio do 5,1%, en tanto que o índice de produción industrial sen a súa compoñente enerxética rexistrou unha medra do 6,7%.

Atendendo á clasificación por destino económico dos bens, o **cadro C.3.20. (Índice de Producción Industrial de Galicia 1999-01)** reflicte un crecemento do 11,9% no que vai de ano para o caso dos bens de equipamento, en tanto que no caso dos bens de consumo e bens intermedios o IPIGA medra un 6,1% e 5,1%, respectivamente.

O VEB xerado polo **sector servicios** experimentou en Galicia un incremento medio anual do 3,1% no ano 2001, seis décimas inferior ó crecemento rexistrado no ano anterior. No ano 2001 prodúcese unha medra do 3,7% no número de viaxeiros (fonte IGE) e un descenso do grao de ocupación en establecementos hostaleiros. Asemade, apréciase un incremento na venda de combustibles líquidos (22,9% menos) e a matriculación de vehículos permanece practicamente constante (+0,2%) despois da caída do ano anterior (-5,8%).

A poboación ocupada no sector servicios, **cadros 1.2.2. e C.1.1. (Taxas de variacións anuais do VEB e do emprego 2000-01**

1.



VEB ⁽¹⁾ das CC.AA. 2001: taxas de variación interanuais

	Total	Agricultura, gand. e pesca	Enerxía	Industria	Construcción	Servicios
			(%)			
Andalucía	3,48	-1,89	3,02	1,90	8,81	4,08
Aragón	2,73	0,13	2,24	0,24	4,86	4,13
Asturias	2,28	-2,15	3,02	-0,11	1,81	3,51
Baleares	2,74	-1,92	0,55	1,82	9,41	2,68
Canarias	2,75	-2,27	2,19	1,69	11,69	2,16
Cantabria	2,92	0,30	2,17	0,76	6,83	3,65
Castela e León	2,90	-0,59	3,83	0,92	5,21	3,98
Castela-A Mancha	2,94	0,68	8,81	1,00	2,51	4,01
Cataluña	2,38	-0,84	1,33	1,70	0,03	3,47
C. Valenciana	3,48	0,67	1,61	0,81	12,97	3,73
Extremadura	3,01	0,76	0,47	2,46	3,08	4,03
Galicia	2,38	0,43	1,05	0,33	1,03	3,87
Madrid	3,38	2,14	0,68	1,72	6,12	3,88
Murcia	3,35	1,99	5,49	1,77	11,00	3,02
Navarra	2,01	1,76	2,34	0,05	1,65	3,65
País Vasco	1,77	3,79	2,05	-0,25	-0,94	3,38
A Rioxa	2,49	1,69	1,90	0,99	0,85	4,09
Ceuta e Melilla	1,64	3,36	-0,46	3,46	2,98	1,81
Total	2,88	-0,30	2,15	1,13	5,50	3,65

(1) VEB a prezos básicos (prezos constantes)
Fonte: INE, Contabilidad Regional de España



en Galicia e España: distribución segundo sectores económicos), medrou ó longo do ano 2001, un 1,3%, equivalente a un incremento en termos absolutos de 6,9 miles de persoas.

Finalmente, no que ó **sector primario** se refire, este presenta unha taxa media de crecemento do 0,6%, fronte ó decrecemento medio do 1,6% experimentado no ano precedente. En España pola contra, o sector primario experimenta un decrecemento do 0,3% fronte á medra do VEB rexistrado no 2000 (1,5% no ano 2000).

Fronte ó excepcional incremento da poboación ocupada no sector primario rexistrado no 2000, en 2001 volve o proceso permanente rexistrado en Galicia nas últimas décadas: caída intensa e continuada do emprego agrario. No ano 2001 a poboación ocupada no sector primario descende un 12,4% respecto ó ano anterior (21.900 persoas máis), producíndose esta caída tanto no sector agrario, con 18.600 ocupados menos (o 13,3%), como no subsector pesqueiro, con 3.300 persoas menos (9,3%).

Producción segundo o INE

A *Contabilidad Regional de España* indica que o valor engadido bruto a prezos básicos, prezos constantes, (base 1995) ascendeu en Galicia no ano 2001 a 26.483 millóns de euros, o que representa o 5,35% do VEB xerado no conxunto do estado. Comparado co ano anterior, o **cadro C.1.3.** (*Valor Engadido Bruto a prezos básicos das CC.AA. 2001: distribución segundo ramas de actividade*) reflicte que o VEB medrou en Galicia un 2,38%, medio punto inferior ó rexistrado en España (2,88%).

Atendendo á desagregación sectorial, hai que salientar por unha banda, que os sectores servicios e industrial son os máis importantes en canto á súa contribución ó VEB galego, co 63,8% e o 16,9% do mesmo, respectivamente. Ámbolos dous presentan unha importancia relativa inferior á que rexistran estes sectores no total estatal, co 68,1% e 19% do VEB estatal, respectivamente. Por outra banda, o peso relativo dos outros sectores na economía galega é superior ó que pre-

sentan na economía española. Así, a construción aporta o 9,6% do VEB galego fronte o 8,5% no caso do estado, e a enerxía e o sector primario aportan o 6,9% e 6,8% do VEB galego fronte ó 4,1% e 4,3%, respectivamente, no conxunto da economía española.

No que á súa contribución á economía española se refire, a achega da economía galega ó total do VEB xerado no conxunto do estado, o devandito **cadro C.1.3.** amosa que Galicia aporta o 5,35% do total do VEB español (prezos constantes), sendo a sétima comunidade con maior contribución tras Cataluña, Madrid, Andalucía, a C. Valenciana, País Vasco e Castela e León. Pola contra, se esta comparación se fai atendendo ó índice VEB/habitante (acada os 9.690,33 euros por habitante en Galicia) a nosa comunidade estaría tan só por diante de Andalucía e Estremadura.

No que ás diferentes ramas de actividade se refire, as máis importantes pola súa contribución relativa ó total estatal son as ramas enerxéticas e as correspondentes ó sector primario, que aportan o 9,1% e o 8,5% do total xerado nas mesmas. O sector da construción galega aporta o 6% do VEB do sector, mentres que a achega dos sectores servicios e industrial foi do 5,0% e 4,8%, respectivamente. ■

1.

